



INTRODUCCIÓN: ORIXE DA FESTA


Hai aproximadamente 2.600 anos chegaron a Galicia os pobos Celtas. Ademais dos seus adiantos científicos e técnicos, como foi a metalurxia do ferro, tamén trouxeron a súa cultura e as súas crenzas.

Os celtas eran politeístas, adoraban a moitos deuses: Dagda (deusa da bondade), Nuada (guerra), Bríxida (lume), Ogma (forza e literatura) Donn (morte), Lugh (sabiduría), As Morrigan (das batallas)... De aí que as súas festas coincidan con determinadas datas relacionadas coas estacións e cos seus cambios:

- **1 Febreiro** en honra a de idade Imbole.
- **1 Maio** en honra a de idade Beltain.
- **1 Agosto** en honra a de idade Lugh.
- **1 Novembro** en honra a de idade Samaín.

O igual que outros pobos bárbaros, os Celtas consideraban as cabezas dos seus inimigos máis que como un botín de guerra coma un dos misterios do ser humano. Crían que "aquele que posúe unha caveira posuiría a forza máxica da súa pantasma".

Cando as colocaban en lugares estratéxicos non só lle concedían valores defensivos senón que tamén lles crían capaces de sucesos prodixiosos dende cánticos celestiais, arrepiantes berros e sobre todo profecías verdadeiras.



A festa do Samaín, festa laica que representa a fin do verán, das colleitas e o inicio do verán, era a festa máis importante dos

celtas e marcaba os inicios do ano novo celta representaba a festa dos mortos. Esta era a data máis perigosa do seu calendario posto que o mundo dos mortos, o Outromundo, facíase accesible para os mortais, podendo pasar a formar parte del por culpa dun feitizo ou meigallo. Cando chegaban as celebracións do Samaín (o chegaren as longas noites escuras) tense por certo que os celtas colocaban unha velas rudimentarias no interior das caveiras dos inimigos mortos, colocándoas nos cruces de camiños, nos arredores e nas muradas dos seus castros, co obxecto de arrepiaren os inimigos, para asombro e veneración das súas xentes e para esconxurar os perigos da celebración.

Moitos anos despois o cristianismo escolleu estas datas para celebraren o día de defuntos e tódolos santos.



UN FENÓMENO CULTURAL INTERNACIONAL



Foron moitos os pobos que ó longo da historia atoparon nas cabezas do inimigos un elemento máxico de adoración e veneración; é sen dúbida a festa de Halloween, que se celebra o día 1 de Novembro que ven do mundo británico con raíces celtas e o fenómeno cultural máis vencellado á nosa festa do Samaín..

Non se trata pois de comparar o Samaín coma unha copia do Halloween, nin viceversa. As dúas celebracións son vestixios similares que arrancan de raíces culturais que noutro tempo coincidían no pobo galego e no británico.

¿QUE É UNHA CABACEIRA?

A cabaceira é unha planta de follas moles e amplas, cunhas flores comestibles de cor laranxa. O seu froito acada un grande tamaño e posúe unha cortiza dura que garda unha carne polposa na que

se sosteñen ducias de sementes chamadas pebidas.

Soe plantarse a primeiros de verán no medio do maízo porque aproveita as súas canas para prender os seus sarmentos.

Necesita terreos húmidos e un tempo quente, soporta ben as terras ácidas por iso se da en Galicia.

Existe unha grande diversidade de especies de cabaceiras (todas da familia das Cucurbitáceas), por exemplo a cabaza pasteleira, a cabaza de Senegal, a cabaza de San Pedro, a cabaza de California, a cabaza da India, etc. En Galicia seméntanse varias especies de cabaceiras sendo a máis común e a máis extendida a Cucurbita pepo ou cabaceira común.

USOS DAS CABAZAS

Os usos desta especie son moi variados, sendo a mantenza do gando a principal de todos eles. Así mesmo en moitas zonas de Galicia aproveitase para o consumo humano, facendo doces e potaxes para o que se aproveitan as máis maduras de todas elas. Este costume culinario tamén se atopa no mundo británico. Da súa cortiza pode extraerse tamén un aceite vexetal. Así mesmo, as pebidas enxoiadas e salgadas son aproveitadas para o consumo humano e tamén hoxe en día véndense en moitas tendas para o seu consumo como outros froitos secos.

¿CÓMO SE FAI UNHA CAVEIRA?

A técnica do tallado da caveira é ben sinxela. Empézase facendo unha incisión superior semellante a unha boina. Afástase este bonete, límpase por dentro axudándose dun raspador, toda a polpa e os farrapos de onde colgan as pebidas ou sementes do froito. Tendo o interior ben limpo e rebaixado fanse dous furados para os ollos, outro para o nariz e outro para a boca. Pódese rematar poñéndolle uns pauciños nos beizos a xeito de dentes e prendendo unha vela no seu inteiror co coidado de colocala convenientemente para que non caia.

REFRÁNS	ADIVIÑA
<p>A cabaza e o casar todo é acertar.</p> <p>A cabaza e o queixo, sempre ó peso.</p>	<p>¿Qué cousa cousiña é, que para adiviñar é, que na boca ten o pé?</p> <p>(A cabaza)</p>
COPLAS	
<p>Os Celta da Terra Cha, na festa do Samaín utilizaban caveiras para asustar á xente que pasaba por alí.</p> <p>Os rapaces de Vilalba siguen á tradición, pero agora utilizan cabazas e melóns.</p>	<p>No Ceip Insua Bermúdez imos facer unha exposición na festa do Samaín con cabazas e melóns.</p> <p>Se queres pasar medo non se che ocurra faltar pois verás moitas cabazas e ós nenos pequenos berrar</p>



Nuria



Samain

Samain, palabra gaélica, non significa máis que fin do verán, principio do inverno. Na antiga cultura céltica o tempo de Samain, especialmente a noite do 31 de outubro ao 1 e novembro, era o período máis importante do ano. Eran datas claves para se reunir nos camposantos, comer o ritual e comunal porco de samain e concelebrar as farradas festeiras dos guerreiros. Era a noite máis perigosa do ano: as portas do outromundo abríanse nesas horas e as ánimas eran quen de vir visitar este mundo e aos seus moradores: tantas veces para render contas inacabadas.

Para afastar dos seus castros as perigosas ánimas defuntas e errantes adoitaban poñer no alto das muradas, ou encastradas nas paredes, as caveiras iluminadas dos inimigos mortos en campaña. De aquí, dos ritos e crenzas célticas ao redor da caveira, vén a tradición europea de facer caliveras na cortiza dos melóns, ou cabazos, ou calabazotes. Tradición que, grazas ás investigacións do profesor galego Lopez Loureiro, sabemos que se estende por toda a antiga xeografía céltica europea e concretamente para o caso de España, por todas as zonas con presenza do elemento céltico ben documentado. En Galiza atopámola en toda a súa xeografía, non faltando esta tradición en ningunha das súas bisbarras e aportando un folclore similar aínda

que dándolles nomes diferentes: **calacús** polas Rías Baixas, **caveiras** de melón en Cedeira, **calabazotes** en Ortigueira, **colondros** en Ourense...etc.

Logo foi cristianizada coma homenaxe ao mundo dos mortos, mais a festividade inicial non se refire a outra cousa máis ca á morte do verán e comezo da época na que cómpre recollerse, ficar na casa para que os mortos se poidan comunicar cos vivos. Hai unha serie de rituais comúns aos pobos indoeuropeos, que logo foron absorvidos polo cristianismo. Elimínanse os cultos esotéricos e óptase por rituais de reverencia e respecto á morte (visitas aos camposantos), pero hai unha cultura que subxace...



O Samaín é o antecedente europeo do **Halloween** americano..

É unha tradición presente en numerosas pedanías rurais das comunidades do norte e centro da Península Ibérica: Galiza, Asturias, Aragón, Cantabria, Castela-León, Madrid, Cuenca, Guadalajara..etc.



No tema do día de CulturaGalega.org: Cabazas do país

No blog de [Colineta](#): Caldo de Cabazo

Revista Nova Fantasía: O Samaín e a Santa Compañía

No Portal da Lingua: Ano Novo Celta

Outro recurso aconsellábel é o DVD Las Calaveras de Ánimas. Vol. V. DVD. Aragón. Edit. Pyrene. Tamén na obra do etnógrafo asturiano Constantino Cabral, que analiza rasgos desta tradición en Asturias.

Cabazos, cabezas...



O ritual celta do Samaín servía para escorrentar almas indesexábeis. Unha das técnicas era expoñer caveiras das cabezas cortadas dos inimigos para liberar a alma dos mesmos: a caveira sempre se considerou sede da alma. Abonda con lembrarse da lenda dos rapaces que atoparon unha no seu camiño a Santo Andrés de Teixido, e, xogando, levárona canda eles a patadas. Ao chegaren, a caveira agradeceulles moito que a tiveran transportado, pois se non fose deste xeito, a alma que levaba dentro nunca tería feito a romaxe (xa se sabe que a Santo Andrés vai de morto quen non vai de vivo). Tamén se facía para asustar outras almas que quixeran achegarse. A tradición celta inicial era emborrallar as fachadas das casas e "decoralas" con ósos e caveiras, para evitar visitas fúnebres.

Co paso do tempo, aquilo de poñer cabezas de xente nas portas foise suavizando un pouco, e foron substituídas, na Idade Media, por caveiras de animais, e logo por representacións en pedra (as gárgolas). E por fin, comezáronse a empregar cabazos, tradición a vixente na Costa da Morte, nas Mariñas e nas Rías Baixas, con especial incidencia en Cedeira, Cangas e Muxía . Foi o mestre Rafael López Loureiro, de Cedeira, quen observou que esta tradición existía até hai unhas décadas, e tamén

pervive no norte de Cáceres, arredor da zona na que están situadas as aldeas de fala galega, e aínda en zonas de Zamora e mesmo en Madrid. En Quiroga, onde a cabaza tallada sécase e consérvase para empregala como máscara no Entroido; en Cedeira fan unha "procesión de ánimas", na que os rapaces da vila desfilan polas rúas disfrazados e portando luces coma se fosen a Santa Compañía, e na zona ártabra (a de maior pegada céltica) hai bastante tradición de celebralo: Ferrol, Narón, as caveiras de melón en Cedeira, calabazotes en Ortigueira... Tamén atopamos calacús polas Rías Baixas ou colondros en Ourense.

Ritos e falcatruadas: en Cedeira prenden fachos e marchar con eles en procesión para facer unha grande fogueira. No Concello da Illa de Arousa os nenos érguense antes de que saia o sol e percorren as rúas e tendas o día 1 de novembro pedindo cunha algarada tradicional: "unha limosniña polos defuntiños que van alá". Reciben cartos, laranxas, lápises, boliños de pan e lambetadas. O costume que asociamos coas pelis americanas do "trato ou truco", no que os nenos van pedindo lambonadas, faise aquí dende hai ben tempo, como cando se van cantar os Reis e pedir o aguinaldo. Hai quen as arma coa excusa da nocturnidade e o caos: esa noite de tránsito, que non pertence nin a un ano nin ao outro, é a propia para facer falcatruadas, como no San Xoán en Poio, no que os rapaces da vila gastan bromas pesadas. Non lonxe, en Xil, una parroquia do Concello de Meaño, os habitantes van en procesión ao cemiterio portando candeas, nun enorme velorio comunal.

Meigallos: do mesmo xeito que as cabazas-caveiras e os ósos escorrentaban ás almas en pena, o feito de disfrazarse de bruxa, ánima ou morto "despístaa", e non veñen pola persoa que estea disfrazada de tal xeito que se confunda con elas.

Xa sabemos: a furar cabazos (que despois xa utilizaremos a polpa en chulas, caldos, e receitas varias), meterlles candeas dentro, esborranchar as caras, vestirse e prepararse para unha noite máxica.

RELATOS E CONTOS SOBRE O SAMAÍN. LEOS SE TE ATREVES

-SAÁ, S. DE: *Samaín*. Col. Plis-Plas, 6 . Editorial Radio Galega, Pontevedra, 2000.

-FARRÉ, LL., BABARRO, X. e BALAGUER, M.: *Boas noites*, Victor. Editorial Combel, 2000.

-ALCÁNTARA, R., RODRÍGUEZ PÉREZ, X. C. e GUSTI: *Tento e mailo medo*. Editorial Tambre/Edelvives, 2001.

-ALEIXANDRE, M. e AMARGO, P.: *O Monstruo da chuvia*. Editorial SM, Madrid, 2003.

-CARREIRO, P.: *Os bolechas teñen medo*. Editorial A Nosa Terra, 2000.

-MARTÍNEZ, R. e COUTO PALMEIRO, X.: *Gato Guille e os monstros*. Editorial Kalandraka, 2000.

-**LABRAÑA, C. e LABRAÑA, S.:** *Indo para o Samaín*. Editorial Everest Galicia, León, 2002.

Obxectivos

- Recuperar a tradición do tallado de caveiras nas cortizas das cabazas ou melóns
- Acadar un coñecemento, ao seu nivel, deste singular costume
- Recoñecer e vivenciar as raíces da cultura galega

Actividades para o Ciclo Inicial

-Traer unha cabaza adornada coas cales se fara unha exposición no centro

-Texto para a lectura:

O venres faremos a festa do Samaín ou festa das caveiras, é unha festa moi bonita, tódolos nenos faremos caveiras coas cabazas que nos deron na casa; poñémoslle cadansúa vela e dará gusto velas brilar na escuridade.

Vocabulario: cabaza, melón, pebidas, caveira, vela, luz, escuridade....

-Construir unha cabaza de papel segundo o modelo, puntear o nariz, boca, ollos e poñer papel de celofán que imita a luz que sae do interior da cabaza

Actividades para o Ciclo Medio

- Vocabulario: caveira, morte, arrepío, escintilar, prender, pébida, cortiza, denteira, chamusco, chareta, faísca...
- Texto para a lectura:

Chega o outono, é tempo de castañas, moces, follas secas e días escuros, é o tempo de recoller o maínzo e as cabazas; tamén é tempo en que os nenos facemos as caveiras na cortiza das cabazas, seguindo unha antiga tradición dos tempos dos celtas.

Os celtas foron uns antigos habitantes de Galicia. Un dos seus costumes era poñer unha luz acesa dentro das caveiras dos inimigos mortos. Xa hai moitos séculos que este costume se perdeu, mais hoxe en día aínda fica a tradición de tallar unha caveira na cortiza dos melóns ou das cabazas e poñer no seu seo unha vela que escintile na noite.

-Redacción: A miña caveira

Actividades para o Ciclo Superior

-Lectura do texto anterior e vocabulario relacionado co tema

- Redacción : A tradición do tallado de caveiras ou outro título similar
- Composición dun tema fantástico que tome como eixo do seu relato o mundo máxico e mitolóxico galego

- 1
- 2
- 3
- 4
- 5